

PROGRAMACIONES DEPARTAMENTO

ECONOMIA Curso 2012-2013

PROGRAMACION: Obradoiro de iniciativas Emprendedoras 3º da ESO

Introdución:

A materia de Obradoiro de iniciativas emprendedoras, (segundo o seu currículo), ten a finalidade básica de potenciar o desenvolvemento do espírito emprendedor dos alumnos e alumnas, así como relacionalos co realidade do seu contorno socioeconómico e produtivo.

Segundo o Dicionario da Real Academia Galega *“Emprender é empezar a facer con decisión unha cousa que pode presentar certas dificultades”*, polo tanto o espírito emprendedor non debe considerarse só como un conxunto de calidades e habilidades co obxectivo de crear unha nova empresa, cousa que podería empregarse como unha práctica de simulación nesta materia, senón como unha actitude xeral ante a vida, que pode ser de utilidade tanto nas actividades profesionais, deseñando o seu propio perfil profesional, como na vida cotiá de calquera persoa, planeando o seu proxecto de vida.

Baixo este enfoque, o concepto de espírito emprendedor debe incluír dous elementos diferentes: un concepto amplo de educación en actitudes e capacidades emprendedoras que incluírá o desenvolvemento de calidades persoais que potenciarán as habilidades dos alumnos e alumnas; e un concepto específico de formación dirixido á elaboración e execución dun proxecto emprendedor, sexa baixo a forma de empresa, de cooperativa, de asociación. Esta será a orientación que presida o deseño desta materia.

Contribución da materia á adquisición de competencias básicas.

A materia de OIE contribúe dun xeito evidente á adquisición das competencias básicas dos alumnos e alumnas da ESO.

En canto á competencia en **comunicación lingüística** a materia esixirá do alumnado que empreguen a linguaxe como comunicación oral e escrita. Deberán interpretar e organizar información escrita e así mesmo expresar pensamentos, ideas, dialogar, formar xuízos críticos, presentando as súas ideas, proxectos, produtos etc para promocionalos e dalos a coñecer aos posibles clientes e provedores.

A competencia **matemática** será desenvolvida usando ferramentas de cálculo (custos-beneficios), salario neto, porcentaxes, e representación e análise de gráficos estatísticos ou en xeral o razoamento matemático para resolver problemas da vida cotiá.

O coñecemento e a interacción co mundo físico traballarase ao contextualizar as actividades humanas e concretamente as económicas nun espazo físico e económico concreto tendo en conta as repercusións que ditas actividades teñen no medio natural e na vida das persoas destacando a responsabilidade que teñen as empresas e as persoas en canto que consumidores.

A competencia **dixital e do tratamento da información** é absolutamente indispensábel ao obter, tratar e comunicar información para atopar ideas, novas propostas no mercado, características da zona e dos sectores económicos, trámites para desenvolver unha idea, e sobre todo presentación e promoción da mesma.

Así mesmo a relación da materia co desenvolvemento da **competencia social e cidadá** é enorme. A través dos proxectos desenvolveranse as capacidades de coordinador de grupos, de traballo en equipa, xestión de conflitos, negociación. Observarán que as actividades empresariais teñen unha dimensión ética e unha responsabilidade social ineludibles. Así mesmo comezarán o exercicio da súa cidadanía achegándose á lexislación laboral, coñecerán os deberes e dereitos que como tales lles corresponden tanto dende o punto de vista de empresarios ou dende traballadores.

En canto á contribución á competencia **cultural e artística** destacaranse as diferentes realidades culturais ás que as empresas se deben adaptar por respecto e sensibilidade pero tamén por satisfacer aos potenciais clientes ofrecendo os produtos segundo estas diferencias. Por outro lado a capacidade artística, de iniciativa, imaxinativa e creativa desenvolverase ao deseñar logos, imaxes de marca, envases, campañas de publicidade etc.

Esta materia tamén contribúe á competencia de **aprender a aprender** ao tomar conciencia das propias capacidades e iniciativas (¿Que quero ser, Que quero facer, ¿Que podo facer?), e Como podo facelo? Con que podo contar? Podo facelo con axuda de outros. Ao mesmo tempo ao desenvolver a competencia persoal descúbrese a dos outros, todos somos diferentes pero podemos colaborar. E necesario emprender proxectos e aplicar esforzos para ir conseguindo metas a curto, medio ou longo prazo.

En canto á **autonomía persoal** esta materia axudará a desenvolver a confianza en si mesmos e a motivación para actuar.

Obxectivos.

O desenvolvemento desta materia debe contribuír a lograr a adquisición das seguintes capacidades:

- 1.- Valorar a importancia de proporse decidir sobre un mesmo. ¿Que quero ser, que me gustaría ser, que podo ser?.
- 2.- Identificar a importancia que o plano sobre un mesmo pode ter no social.
- 3.- Analizar e valorar actitudes emprendedoras segundo época e lugar.
4. Coñecer os trazos básicos das actitudes, calidades persoais e as capacidades que constitúen a base do espírito emprendedor.
5. Identificar as propias capacidades e intereses para a toma de decisións sobre estratexias persoais de formación, de inserción laboral, ou de xeración dunha nova idea.
6. Valorar a importancia do asociacionismo como fonte de dinamización social, e como un medio de sumar esforzos e compartir ideais.
7. Coñecer estratexias de xeración e maduración de ideas emprendedoras.
8. Definir os aspectos xerais e os elementos necesarios para levar a cabo un proxecto emprendedor, tendo sempre respecto polo medio.
9. Deseñar unha nova idea ou proxecto.
9. Formar equipas de traballo para comprender a súa importancia por xuntar esforzos, na negociación, resolución de conflitos e planificación.
10. Desenvolver no alumnado a iniciativa persoal, a autoestima, a creatividade ao desenvolver unha idea, defendela, e deseñala en todos os seus aspectos incluído logo, imaxe, publicidade, etc.
11. Buscar, seleccionar e interpretar información, utilizala de forma crítica e responsable de acordo co fin perseguido e comunicala de forma organizada e intelixible aos demais.
12. Empregar as novas tecnoloxías da información e a comunicación como ferramentas de traballo eficaces na vida cotiá.
13. Utilizar as linguas estranxeiras como medio de comunicación necesario no mundo globalizado actual.

Contidos:

1 Bloque 1: Emprender, Emprendedores/as, e Ideas emprendedoras

1.1 A motivación. Emprender como necesidade persoal e social. Distintas formas de emprender. Emprender á miña idade. Grandes emprendedores. Motivos.

1.2 Habilidades emprendedoras. Calidades persoais. Habilidades sociais. Habilidades de dirección e liderado. Necesidades do grupo.

1.3 As Ideas: Fontes de ideas. Como atopar ideas.

Xeración e maduración das ideas para un proxecto emprendedor.

1.4 Avaliación de Ideas

1.5 A transformación da Idea en Proxecto. Concreción da idea.

1.6 A necesidade de planificar o proxecto

1.7 O Proxecto. Decisión proxecto e formación do colectivo para levalo a cabo

Competencias básicas:

Neste bloque de contidos traballarase concretamente a adquisición das seguintes capacidades, aínda que todas estarán presentes en toda a materia.

- Capacidade en comunicación lingüística ao ter que redactar un informe sobre a súa idea, expresala publicamente na clase, defendela e concretar como se levará a cabo.
- Capacidade matemática en estatística ao ler e deseñar gráficos sobre sectores económicos, datos de poboación etc.
- Capacidade de coñecemento no medio ao facer estudo sobre a situación socioeconómica da zona para ver as súas posibilidades e analizar, en xeral sectores innovadores de Galicia.
- Capacidade de competencia dixital e tratamento da información empregando a rede para obter información de emprendedores, de novas ideas, dos sectores económicos da zona, de empresas de ofertas de traballo actuais, etc. E logo examinala tratala e compílala.

Temporalización: 1º trimestre.

2 Bloque 2: Desenvolvemento dun proxecto

2.1. Descrición do proxecto da súa idea

2.2 Datos do proxecto. Identificación

- Obxectivo
- Datos dos promotores
- Contorna

2.3 Elementos do proxecto

2.3.1 Recursos

- Recursos humanos e organización
- Recursos materiais
- Recursos financeiros

2.3.2 Datos do Contorno específico

- Destinatarios, clientes, provedores
- Competidores ou ideas semellantes
- Posibles ideas substitutivas

2.3.3 Imaxe e Difusión

- Deseño logo e marca
- Lanzamento
- Publicidade e promoción

- Catálogos
- Comunicación e difusión

2.4 Plan de actividades

- Descrición de actividades
- Cronograma: Calendario

2.5 Orzamento

- Ingresos
- Gastos
- Plan de cobros e pagos
- Viabilidade: Persoal/Institucional, Viabilidade Técnica/Comercial , Viabilidade financeira.

Competencias:

- Capacidade en comunicación lingüística ao ter que redactar un un proxecto e explicar os pasos para desenvolvelo.
- Capacidade matemática ao calcular a viabilidade cos ingresos e gastos.
- Capacidade de coñecemento no medio ao facer estudo sobre as empresas da zona e as súas características e relacións sociais.
- Capacidade de competencia dixital e tratamento da información empregando a rede para obter información de distintos proxectos innovadores.
- Capacidade de competencia cultural, artística e imaxinativa ao deseñar a marca, o logo a promoción, os catálogos posibles do proxecto tendo en conta a realidade cultural na que vai estar inxerida.
- Capacidade de traballar en equipa e importancia do asociacionismo nun proxecto emprendedor.

Temporalización: 2º Trimestre

3 Bloque 3: Posta en Marcha. Avaliación e Control

3.1 Posta en Marcha do proxecto

- Forma xurídica da empresa ou asociación
- Trámites de constitución
- Trámites laborais e/ou fiscais
- Axudas ou asesoramento institucional

3.2 A execución do proxecto e Avaliación

- Elaboración da presentación do proxecto, presentación do mesmo
- Memoria do proxecto
- Avaliación
- Control. Posibles erros ou rectificacións.

Competencias:

- Capacidade de coñecemento no medio ao avaliar a importancia do proxecto na zona tanto no nivel de desenvolvemento social, creación de emprego como na responsabilidade de que sexa un proxecto respectuoso co medio e defenda os principios de desenvolvemento sustentábel.
- Capacidade de competencia dixital e tratamento da información empregando a rede para obter información dos distintos tipos de empresas segundo a súa forma xurídica, trámites de constitución, axudas etc.
- Capacidade de aprender a aprender que está incluída nos distintos bloque polo aspecto práctico da materia.

Temporalización: 3º Trimestre

Criterios de avaliación.

1. Recoñecer a importancia do espírito emprendedor e valorar a súa achega á comunidade como xeradora de riqueza mediante a análise de distintos proxectos hoxe e noutras épocas da historia, destacando a importancia innovadora e a asunción do risco.

2. Describir as características básicas do emprendedor, diferenciando as calidades persoais, as habilidades sociais e as habilidades directivas. Comprobar que alumnado recoñece as habilidades emprendedoras mediante a realización de distintos test de autoavaliación, separando as tres dimensións da acción emprendedor/ra (a individual, a social e a directiva) e que comprendan que a actitude emprendedora é unha actitude vital que lle serve para calquera, nun proceso de mellora constante, aínda nos casos en que se teña menos espírito emprendedor.

3. Descubrir e identificar as capacidades e potencialidades propias e as características do contorno sociolaboral, para establecer obxectivos persoais e profesionais de futuro.

Trátase de valorar a capacidade do alumnado para actuar de forma autónoma e tomar decisións sobre o seu futuro profesional de acordo co seu autocoñecemento e as posibilidades da súa realidade socioeconómica, aproveitando o seu potencial persoal e as oportunidades do seu contorno unha vez estudado, deseñando o seu futuro profesional ou co plan “que quero ser”.

4. Precisar diversos procedementos para a xeración de ideas emprendedoras, así como distintos métodos para seleccionalas e facelas madurar. Trátase de comprobar que os alumnos e alumnas coñecen técnicas específicas que axudan a desenvolver a creatividade e a detectar posibilidades mesmo en contextos pouco propicios, e que valoran positivamente os efectos do seu desenvolvemento.

5. Identificar a importancia da planificación dos proxectos emprendedores, coñecer os elementos fundamentais que a integran e desenvolver proxectos e iniciativas persoais e profesionais. Análise do plano realizado polo alumnado, estrutura, reparto de tarefas, traballo en grupo e responsabilidade de cadaquén.

6. Coñecer os trazos básicos das principais formas xurídicas de empresa e valorar especialmente os tipos de empresas de economía social. Valorar a diferenza das diferentes formas xurídicas segundo o proxecto a realizar, volume de negocio elevado sociedade tipicamente capitalista, as posibilidades de fomento de emprego como as Sociedades Laborais, e con especial valoración das empresas de economía social polo seu carácter non lucrativo senón de satisfacción das necesidades dos seus membros, como as Cooperativas. Valorar tamén a súa importancia como xeradoras de desenvolvemento persoal e social.

7. Describir os principais trámites de constitución e cubrir algúns dos documentos relacionados, facendo especial fincapé nos dereitos e obrigas laborais e fiscais. Verifícase que os alumnos e as alumnas coñecen os procedementos e documentos básicos de constitución e xestión dunha empresa ou asociación, incidindo na súa familiarización cos impresos e documentos relacionados co mundo laboral e fiscal (carta de presentación, currículo, instancia, nómina...), así como que son capaces de buscar e seleccionar información de forma obxectiva e crítica e de comunicala de forma razoada e correcta.

8. Valorar a importancia dos procesos de avaliación e das reflexións finais tras a execución dos proxectos.

Trátase de comprobar que os alumnos e as alumnas tomaron conciencia da necesidade de control que todo proxecto implica, que as avaliacións teñen un dobre enfoque como comprobación e como medio de deteccións de erros e problemas co obxectivo final de mellorar.

9. Utilizar as novas tecnoloxías da información e da comunicación como ferramentas de uso habitual e transmitir mensaxes escritas ou orais básicas nunha lingua estranxeira.

Empregar as novas tecnoloxías da información para interconectar o seu proxecto con outras realidades ou culturas neste mundo globalizado, analizando as desigualdades e proxectos alternativos como os de “comercio xusto”.

Mínimos Esixibles.

Recoñecer e valorar a Importancia dos emprendedores e de emprender dende punto de vista do desenvolvemento persoal e social.

Descubrir as Calidades persoais a empregar para deseñar e levar a cabo un proxecto. Coñecer as calidades de cada un. Necesidade de traballos en grupo.

Identificar fontes de ideas, como atopar ideas. Deseño e valoración dunha idea.

Valorar a Necesidade de facer un plan, importancia e fases do mesmo.

Deseñar en grupo un plan emprendedor. Tipo de proxecto, forma xurídica, recursos necesarios, nome, logo, en que consiste e a quen vai dirixido, como se pode facer etc.

Trámites de constitución, selección do persoal, axudas das administracións etc

Presentar o proxecto usando ferramentas informáticas orais e outras.

Facer unha campaña de difusión e promoción, “vender” o seu proxecto.

Criterios de cualificación.

Os conceptos estritamente teóricos serán só un 20% da nota, o tratamento da información para xerar ideas, a necesidade dun plan, coñecer as fases dun plan outro 20%; Presentación mínima dun proxecto co logo o nome a quen vai dirixido e un mínimo presuposto, 20%; a maiores xa con elección da forma xurídica, trámites de constitución plano económico financeiro 20%; presentación usando ferramentas informáticas, publicidade, promoción etc outro 20%.

Procedementos de avaliación e Instrumentos de avaliación:

Esta materia ten un carácter práctico a realización dun proxecto máis ou menos definido será o criterio básico de cualificación. Polo tanto como instrumentos empregaranse: o interese, o espírito activo, os exames sobre conceptos teóricos, o avance no emprego das TIC para buscar e tratar información, e sobre todo para a cualificación final o nivel de elaboración dese proxecto.

Tratamento do fomento da lectura

Para o fomento da lectura lerase na aula todos os días algunha noticia do xornal ou de algunha revista e algún capítulo dos libros “La buena suerte” e “Aventuras de una gallina emprendedora” de Menchu Gómez e Rubén Turenzo de editorial Vergara, libros dos que se extraerán conclusións e se debaterán.

Tratamento do fomento das TIC

Esta materia será impartida parte na aula para traballar os conceptos teóricos e a outra parte na aula de informática onde o alumnado traballará no ordenador e en internet para buscar e elaborar información polo que se desenvolverá o seu emprego.

Plan de superación das materias pendentes

Este curso non hai ningún alumno ou alumna pendente.

Metodoloxía:

Obtención de información sobre:

- Demografía e ocupación do espazo na cidade ou na bisbarra. Sectores económicos.
- Empresas máis importantes.
- Oficios dos pais/nais, vellos oficios, grandes personaxes emprendedores na historia.
Emigrantes mecenas famosos e con rúas en Vigo.
- Empresas e inventos que “revolucionaron” o mercado.
- Ofertas de emprego actuais. Sectores en auxe.
- Proxectos innovadores. Viveiros de empresas.

Elaboración e Compilación da información.

- Deseño do proxecto. Análise e Posibilidade do mesmo.
Avaliación do mesmo.

Algunhas fontes de información:

Ine.es; ige.eu, bde.es, rmc.es, seg.social.es, ipyme.org, icex.es, camerdata.es, negociosenvigo.com, revista emprendedores, IGAPE, páxinaslocais.com, zonafrancavigo.com, camara de comercio de vigo.etc

Materiais didácticos

Non se emprega ningún libro de texto concreto, as informacións buscáranse na rede, emprendedores.es, bicgalicia.org, IGAPE, Cámaras de Comercio etc.

Para algúns coñecementos teóricos xa se lles dará a información.

Temas transversais.

Ao longo de toda a programación trataranse o perfil ético e social das empresas e das ideas emprendedoras, o consumo responsable, o respecto ao medio ambiente necesario en todas as actividades económicas, as desigualdades discriminatorias dentro das empresas e entre países froito moitas veces das organizacións. Por iso destacase o estudio de proxectos sen ánimo de lucro, cooperativas, fundacións, asociacións etc, e foméntanse os proxectos respectuosos co medio, ecolóxicos, comercio xusto, consumo responsable, de respecto e apoio as diferencias culturais e ás minorías, e convivencia.

Medidas de atención á diversidade

Ao ser un obradoiro, polo tanto maioritariamente práctico a maior ou menor grao de dificultade no deseño das tarefas e sobre todo os distintos niveis de realización e concreción do proxecto leva implícita a atención á diversidade

Actividades complementarias e extraescolares

Tentarase facer algunha visita a algunha empresa nova con algún aspecto innovador e que destaque nos conceptos dos temas transversais e a algún viveiro de empresas.

PROGRAMACIÓN DE ECONOMÍA

1º DE BACHARELATO DE HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS

INTRODUCCIÓN:

Esta programación da materia de Economía para 1º de Bacharelato e Ciencias Sociais, ten un dobre obxectivo: por un lado propedéutico e, polo outro formativo, é preciso, por tanto, combinar os obxectivos que logo capaciten para calquera estudio posterior para os que este bacharelato está concibido, e así mesmo debe capacitar para comprender e poder analizar de xeito crítico a realidade económica actual.

Así mesmo para desenvolver este DCB e propor unha programación de aula, consideramos que a situación económica actual e os cambios acontecidos nos últimos anos, fan preciso que o programa se oriente cara a consideración dun sistema económico planetario globalizado caracterizado polos conflitos, as desigualdades e as relacións Norte/Sur, no que se enfrontan unha xeografía da riqueza, ou incluso do dispendio, e unha xeografía da pobreza, pobreza que pouco mellorou nos últimos anos, e polo dominio absoluto do capital financeiro. En tal sistema produtivista e consumista é transcendental a problemática ambiental, a relación da Economía coa Natureza considerando un Sistema Económico aberto á mesma, e analizando a problemática dos distintos recursos, renovábeis, e non renovábeis e dos residuos. Neste contexto é onde se debe enmarcar o estudio das diferentes opcións da Teoría económica e as Políticas que se propoñen para tales problemas, desvelar o seu papel explicativo e valorar as súas repercusións.

Os *criterios* dos que partimos ao facer esta proposta curricular pódense resumir nos seguintes aspectos:

- Seleccionar os contidos económicos mais empregados e situalos no seu momento histórico e social para deducir e concretar o seu significado. Desvelar os presupostos que subxacen baixo os conceptos máis escoitados.
- Buscar e utilizar os procedementos de achegamento á realidade que sexan de máis valor explicativo para o alumnado, minimizando o emprego de formulación matemática e facendo fincapé na análise e explicación dos datos máis que no seu cálculo.
- Analizar dun xeito crítico as distintas achegas teóricas económicas e a súa relevancia.
- Fomentar unha análise da realidade dende un punto de vista: non "centrista" (non eurocentrista, occidentalista), desenvolvendo un sentimento de respecto e interese por outras persoas e culturas; non antropocentrista respecto á natureza, nin androcentrista respecto ao papel das mulleres na economía e no mundo.

1) OBJECTIVOS XERAIS

- Coñecer conceptos económicos para aplicalos ó estudio da realidade e poder facer xuízos de valor razoados.
- Relacionar, teorías con feitos económicos e situálas no contexto socio-político. Observar o papel das ideoloxías.
- Coñecer os trazos da Economía galega e española no contexto mundial.
- Valorar as grandes desigualdades actuais e buscar causas e factores que as perpetúan.
- Identificar os conceptos que subxacen baixo as teorías que defenden o actual sistema industrializado e os problemas que supón á nivel da sostenibilidade mundial.
- Analizar de xeito crítico este modelo de produción e consumo pola destrución que supón da natureza e polas desigualdades entre as persoas.
- Usar os coñecementos para facer un xuízo propio e abordar de xeito autónomo problema económicos do entorno próximo.
- Propor medidas de actuación dos individuos nos cambios.
- Facer xuízos de valor sobre problemas económicos actuais analizando a información dos medios de comunicación.

2) CONTIDOS.

Para desenvolver de forma crítica estes conceptos a nosa proposta ten as seguintes partes:

- Unha unidade introdutoria que fai un achegamento ó coñecemento económico, analizando a evolución do concepto e a preocupación da Economía ata o Século XIX e tentando descubrir as bases ideolóxicas que se acochan nel. Analizarase tamén por medio de noticias de actualidade a relación entre a Economía, a Política e a Sociedade.

- Nunha segunda unidade entrarase na definición e análise das actividades económicas, dos factores produtivos que empregan e da problemática das funcións que cumpre a Natureza nestas actividades. Suxírese a necesidade dun novo concepto de sistema económico aberto á natureza, un subsistema da biosfera.

- A terceira unidade propón o achegamento aos conceptos máis usuais da Macroeconomía, axentes económicos, variábeis macroeconómicas; para facer unha radiografía do mundo actual, e por en cuestión a noción de riqueza e desvelar a desigualdade N/S, así como os problemas das partes non contabilizadas, economía doméstica, economía somerxida, problemas ambientais.

- Na cuarta unidade estudarase o mercado capitalista, conceptos de Microeconomía. Nunha primeira aproximación farase un percorrido polo desenvolvemento do modelo de industrialización, modelo que é a principal causa da que xorde e perpetúa a situación actual de desigualdade e integrarase o estudo do mercado neste modelo. Situación actual do mercado real.

- A unidade 5 estuda o Sistema financeiro, elementos do mesmo. A UEM, o papel do BCE. A política monetaria actual. A bolsa, simulación dunha inversión na mesma e análise dos resultados.

- A unidade didáctica 6 propón o problema do crecemento, límites do mesmo, crecemento e emprego. O desenvolvemento sustentábel.

- A unidade 7 é o estudio do papel do Sector público na Economía. Os orzamentos. A política fiscal e outras medidas de Política económica. Análise e valoración das Políticas actuais en Galicia, España e UE.

- A Unidade 8 analiza os organismos e relacións internacionais actuais. OMC, FMI, UE e o seu papel neste modelo de desigualdade, intercambio desigual etc. Estudaranse de xeito conceptual as relacións internacionais de cooperación e integración, a Balanza de Pagamentos, os organismos económicos internacionais e a globalización, as súas vantaxes e inconvenientes.

3) CRITERIOS METODOLOXICOS:

A nivel da metodoloxía esta a de ser unha metodoloxía activa que favorecerá a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e para aplica-los métodos apropiados de investigación, así como subliñará a relación dos aspectos teóricos das materias coas súas aplicacións prácticas para que o alumnado vaia construíndo os seus coñecementos e valoracións; como ven expresado no currículo do Bacharelato. Proporanse así sempre distintas opcións e se enfrontarán á resolución de problemas sobre a actualidade. Para o estudio de situacións concretas buscarase da realidade máis preto, Galicia, ou o Estado español.

As estratexias de ensino-aprendizaxe formularanse tendo en conta os principios que describe Coll C. dende unha análise psicolóxica en "Psicología y currículo": "As repercusións da experiencia educativa sobre o crecemento persoal do alumno está fortemente condicionada entre outros: polo seu nivel de desenvolvemento operatorio, e polos coñecementos previos. E necesario partir deles para facelos progresar. A de ser significativo, para o que se deben cumprir: que sexan contidos potencialmente significativos, e crear unha actitude para aprender significativamente, isto é, debe ser motivador, para relacionalo co que xa sabe, e hai que fomentar a actividade, aprender a aprender memorizando comprensivamente".

E necesario ter en conta que os coñecementos previos de Economía, recibidos na escola, redúcense a algúns apartados dos contidos da ESO en Ciencias Sociais, Xeografía e Historia.

Será moi importante detectar, pola avaliación inicial, os coñecementos que teñen pois conceptos económicos son moi empregados nos medios de comunicación e a nivel coloquial e son diferentes segundo o ambiente sociolóxico do alumnado.

4) SECUENCIA E TEMPORIZACION dos CONTIDOS: UNIDADES DIDACTICAS

1ª Unidade didáctica: **Evolución do Coñecemento económico.** 3 semanas.

2ª Unidade didáctica: **Actividades económicas e Producción. Sistema económico pechado/ Sistema económico aberto.** 6 semanas

3ª Unidade didáctica: **Variábeis macroeconómicas e medidores dunha Economía.** 7 semanas.

4ª Unidade didáctica: **Intercambio e mercado. O mercado Capitalista.** 4 semanas.

5ª Unidade didáctica: **Financiamento da Economía. A Política monetaria.**
6 semanas.

6ª Unidade didáctica. **Crecemento e desenvolvemento. O desenvolvemento sustentábel.** 2 semanas

7ª Unidade didáctica: **O Sector Público e a intervención do Estado na economía. A Política Fiscal .** 5 semanas

8ª Unidade didáctica: **Contexto internacional da economía. A Globalización.**
5 semanas

Unidade didáctica 1ª: COÑECEMENTO ECONÓMICO

BLOQUES DE CONTIDOS :

- A Ciencia económica, metodoloxía e técnicas económicas. Distintos enfoques
- A Economía en Evolución
- Relación con outras Ciencias
- Relación da Economía, Política e Sociedade

Unidade didáctica 2ª: ACTIVIDADES ECONOMICAS. SISTEMA ECONOMICO PECHADO/ABERTO.

BLOQUES DE CONTIDOS:

- Actividade económica. Producción
- Os factores de produción
 - Sistema Económico. Distintos sistemas.
 - Funcións económicas da Natureza. Problemas actuais.
 - A Economía Ecolóxica, Métodos de integrar a Natureza, distintas opcións.
 - Os recursos humanos. Poboación e emprego.

Unidade didáctica 3ª: VARIABLES MACROECONÓMICAS

BLOQUES DE CONTIDOS:

- Os axentes económicos.
- Variábeis macroeconómicas . Análise e Cálculo.
- A Contabilidade Nacional.
- As táboas input-output. Análise das TIOGA
- Riqueza e produción. Concepto actual. ¿Todo conta? ¿Medidores para que? ¿Para quen?
- Outros medidores IDH, IDG. Tendo en conta a natureza.

Unidade didáctica 4ª INTERCAMBIO E MERCADO: O MERCADO CAPITALISTA

BLOQUES DE CONTIDOS :

- Microeconomía: Intercambio e mercado
- O mercado de competencia perfecta
- O mercado real. A competencia imperfecta

Unidade didáctica 5ª O FINANCIAMENTO DA ECONOMIA. A POLITICA MONETARIA

BLOQUES DE CONTIDOS

- O diñeiro e o sistema financeiro. Elementos do mesmo
- O BCE e a Política monetaria
- A inflación.
- Mercados financeiros. A Bolsa

Unidade didáctica 6ª: CRECIMENTO E DESENVOLVEMENTO: O DESENVOLVEMENTO SUSTENTABEL.

BLOQUES DE CONTIDOS:

- O crecemento económico.
- Límites do crecemento
- Crecemento e emprego. Crecemento e desenvolvemento
- Crecemento sustentábel. Exemplo a Axenda 21. Axenda 21 escolar.

Unidade didáctica 7ª: A INTERVENCION DO ESTADO NA ECONOMIA. A POLITICA FISCAL

BLOQUES DE CONTIDOS:

- A intervención do Estado na Economía. O Sector público.
- Os orzamentos

- A Política Fiscal.
- Outras Políticas actuais

Unidade didáctica 8ª CONTEXTO INTERNACIONAL DA ECONOMIA

BLOQUE DE CONTIDOS :

- O comercio internacional. Proteccionismo, librecambio
- Os tipos de cambio
- Relacións e organismos económicos internacionais.
- A Balanza de Pagamentos
- Situación Actual.
 - A Globalización, prós e contras

CRITERIOS DE AVALIACIÓN e CUALIFICACION:

- CRITERIOS DE CUALIFICACION E INSTRUMENTOS

a) Criterios:

A avaliación realizarase en tres momentos:

1º) *Avaliación inicial*-. Ao comezar cada unidade didáctica para coñecer os preconceptos do alumnado e así poder enfocar a programación cara un coñecemento significativo. Non terá cualificación. O seu obxectivo é que o rematar cada tema o alumnado faga unha autoavaliación para comprobar os novos coñecementos adquiridos.

2º) *Avaliación do proceso*-. Avaliación continua do proceso de aprendizaxe do alumnado na aula.

3º) *Avaliación final*-. Para facer unha valoración total do proceso de aprendizaxe en cada un dos temas ou unidades didácticas.

b) Instrumentos:

Salientamos como instrumento avaliador do proceso, segundo un criterio interactivo os **traballos e os exercicios realizados na clase** como instrumentos de gran utilidade no obxectivo avaliador, tanto para fomentar a autoavaliación do alumnado como un bo instrumento á hora de propor as medidas de reforzo e as actividades complementarias no proceso de aprendizaxe. Debe quedar clara a atención e participación na aula. Será preciso cando menos ter realizados o 75% dos mesmos.

Os **informes finais** redactados polos alumnos e alumnas, por exemplo os informes sobre unha actividade económica concreta e a súa problemática ambiental polos recursos empregados ou polos refugallos, a situación dos traballadores etc, dentro do proceso produtivo e da Política e da Economía en xeral. Isto permite captar a capacidade de

concreción e utilización dos conceptos, procedementos e actitudes no eido máis próximo.

O **debate** sobre problemas concretos estudados, tamén desenvolverá a capacidade de análise e comprensión ó enfrontarse a facer xuízos de valor e tomar decisións.

Lectura comprensiva de noticias económicas da actualidade.

Para examinar os problemas económicos do mundo de hoxe, propónse un taller de documentos onde se aplican os coñecementos á análise de problemas concretos examinados a través dos medios de comunicación, periódicos, e revistas, TV, e calquera outro tipo de medio. Valórase a achega de material, e a dificultade de localización e de comprensión do mesmo, o interese, etc.

Busca e tratamento de información na rede empregando páxinas de organismos oficiais ou doutros axentes económicos.

Exames, en cada unidade didáctica, que valoren os seguintes aspectos:

Aprendizaxe e utilización de novos conceptos. Utilización de procedementos. Elaboración de explicacións. En cada Unidade didáctica pode haber un ou varios exames.

Para superar a materia é imprescindible realizar os exercicios, os traballos, e presentarse a todos os exames.

En Xuño non haberá exame extraordinario. Só poderán recuperar aqueles que teñan suspenso aproximadamente unha terceira parte da da materia.

6) CRITERIOS Para temas Transversais:

Os temas transversais como os de: educación para a paz, educación medioambiental, igualdade dos sexos, educación para un desenvolvemento sostible para toda a humanidade ou igualdade de oportunidades en calquera lugar do planeta; consideramos necesario que se integren nas distintas unidades da programación dunha materia como Economía na que se traballa o método de análise da realidade no que concirne precisamente as solucións adoptadas no mundo para cubrir as necesidades. Neste proxecto, así se recolle e non serán, polo tanto, un tema máis ou unhas actividades senón que serán os criterios que marquen e dirixan a programación e as distintas actividades de aula.

7) MEDIDAS para atender a diversidade:

O estar planeada a materia dende un punto de vista da investigación e o traballo do alumnado na aula, as actividades poden deseñarse de xeito diversificado e facer un seguimento persoal e unha intervención diferenciada para planear distintos tempos, itinerarios, métodos, materiais etc. Propóranse as actividades tendo en conta a avaliación inicial e polo tanto os coñecementos que cada alumno e alumna teñen segundo e estes accederán as tarefas dende distintos puntos de partida, o que fomenten a súa autonomía no estudo e a autoestima.

CONTIDOS MINIMOS:

UNIDADE 1:

- Coñecer e diferenciar distintas definicións de Economía
- Recoñecer o carácter de construción intelectual da Ciencia Económica.
- Observar a evolución da Economía e estudar as principais contribucións.
- Relacionar a Economía con outras ciencias. Enmarcala na clasificación dos modelos científicos.
- Coñecer as distintas correntes da Economía.
- Relacionar Economía, Política e Sociedade.
- Interpretar noticias económicas explicando a quen fan referencia e cal é o problema e as consecuencias.
- Ir facendo un vocabulario económico.

UNIDADE 2:

- Coñecer os conceptos actuais de actividade económica, produción e distribución.
- Identificar os elementos que interveñen na produción. Factores produtivos.
- Coñecer os conceptos de tecnoloxía e produtividade.
- Relacionar as necesidades humanas e a súa cobertura coa actividade económica e a tecnoloxía. Observar a súa evolución no tempo e as diferencias no espacio. Ver como están cubertas hoxe.
- Coñecer a problemática actual de abuso de certos recursos, de contaminación e de eliminación dos refugallo e a súa relación coas pautas de produción e consumo ostentoso actual. Observar e valorar posibles solucións.
- Coñecer a clasificación da poboación segundo a súa inclusión ou non no proceso produtivo.
- Calcular taxas de ocupación, paro, etc. Entender o seu significado. Interpretar algunha información ao respecto e tirar conclusións.
- Coñecer o concepto de capital. Identificar as súas distintas acepcións.
- Observar a distribución da poboación activa entre os distintos sectores económicos e tirar conclusións. Os sectores en Galiza.
- Estudar distintas definicións de Sistema económico e as organizacións que existen na realidade. Coñecer as súas características máis relevantes.

Instrumentos de Avaliación: Exame. Informe sobre unha actividade e/ou un recurso. Durante 15 días recollida de noticias sobre problemas e/ou solucións ambientais.

Seguimento nos medios dun problema concreto.

Consulta e traballo sobre a información das páxinas: **PNUD; PNUMA; pobrezacero.org** ou outras **ONGs para o desenvolvemento; Greenpeace, Adegas, Verdegaias ou outros grupos ecoloxistas; ine.es, ige.eu.**

UNIDADE 3:

- Identificar os axentes económicos:

* Concepto de empresa. Algúns tipos de empresas

* Os traballadores. A súa relación coa empresa. O seu papel tamén como consumidores. O salario, tipos, elementos dunha nómina. Sindicatos e convenios colectivos.

* Presentación do Sector público. Identificar as distintas Administracións públicas e o sector público empresarial

- Estudar distintas macromagnitudes: PNB, PIB, PNN, PNB per cápita, RNBD.

- Estudar e interpretar a distribución da Renda.

- Facer unha aproximación á Contabilidade Nacional.

- Coñecer e calcular os tres xeitos de cálculo do PIB. Separar valoracións á prezo de mercado e a custe dos factores. Entender o significado do Valor Engadido.

- Coñecer como se estima a Riqueza Nacional. Clasificación do BM

- Entender e comentar o problema das omisións no cálculo do PIB. Economía doméstica, recursos naturais e economía somerxida.

- Observar o carácter relativo dos indicadores para valorar a calidade de vida das persoas. Outros indicadores, IDH, IDG, IPH. A natureza nas Contas Nacionais.

Instrumentos de Avaliación: Exame. Traballo cun informe sobre a situación económica de tres países que eles escollan empregando os distintos indicadores, e un debate sobre a “inactividade” do traballo doméstico e o problema da non inclusión do medio ambiente nas Contas Nacionais. Distintas suxestións.

Utilizar páxinas oficiais de datos macroeconómicos, **ine.es, ige.eu., BM, PNUD, OIT, e de distintos sindicatos (CIG, CCOO, UXT, CNT..).**

UNIDADE 4:

- Coñecer as características do mercado de competencia perfecta.

- Establecer a curva de demanda, a curva de oferta e a formación do prezo de equilibrio nun mercado competitivo.

- Estudar as variables que determinan a demanda e a oferta dun ben.

- Calcular a elasticidade-prezo de demanda. Entender o seu significado.

- Identificar como inflúe o mercado teórico, na asignación de recursos e na produción.

- Coñecer os mercados e competencia imperfecta. Distintos tipos e formación de prezos. Estratexias do mercado real.
- A formación dos prezos na realidade. Outras teorías. O Custe medio.
- Coñecer concepto de oferta e demanda de traballo. Formación dos salarios. Intervención dos convenios colectivos e dos sindicatos.

Instrumentos de Avaliación: Exame. Lectura e resume do libro “El mercado y nosotros”, (está na rede) ou “El mercado y la Globalización” de J.L Sampedro. Debate sobre o consumismo e a publicidade.

UNIDADE 5:

- Estudar o concepto de diñeiro. Tipos. Funcións e evolución.
- Coñecer a estrutura do sistema financeiro español e europeo. Funcións do Banco Central Europeo.
- Coñecer o papel dos Bancos na economía. Distintas operacións bancarias. Observar a creación de diñeiro polos bancos.
- Analizar o papel e os instrumentos da Política monetaria.
- Estudar o concepto de inflación. Medición da mesma.
- Comparar distintas teorías sobre a inflación.
- Entender e calcular índices. O IPC e a súa elaboración.
- Identificar outros activos financeiros.
- Coñecer o funcionamento da Bolsa. Interpretar os índices bolsistas e as informacións sobre a evolución da mesma.
- Indicar o funcionamento do mercado bolsista.

Instrumentos de Avaliación: Exame. Seguimento dos datos de Bolsa durante 15 días, simulación dunha inversión, e análise dos resultados.

Coñecer páxina **BCE e Banco de España**. Vídeos do BCE sobre política monetaria e inflación.

UNIDADE 6:

- Coñecer o concepto de crecemento económico. A súa medición
- Identificar as características do modelo da posguerra mundial. Observar o crecemento nos países centrais e periféricos.
- Analizar as teorías e a realidade sobre o crecemento e a xeración de emprego. Situación actual.
- Identificar e avaliar os límites ó crecemento. O crecemento sustentábel, distintas

posturas e alternativas.

- Relacionar as novas pautas de produción e consumo, o papel dos anuncios publicitarios coa limitación do crecemento á nivel mundial.

- Diferenciar crecemento e desenvolvemento. Distintos medidores do desenvolvemento.

- Coñecer distintas estratexias de desenvolvemento. Distintas características de desenvolvemento que produce o crecemento segundo a situación do país no contexto mundial.

- Comprender as condicións nas que xorde o concepto de subdesenvolvemento. Países centrais e periféricos, Norte/Sur.

- Coñecer as teorías máis importantes sobre crecemento, desenvolvemento e subdesenvolvemento.

- Avaliar as medidas de axuda ó desenvolvemento.

Instrumento de Avaliación: Redacción dun **informe** co material e as direccións de Internet aportadas. Traballo realizado na casa despois de presentar na clase o tema e dar as fontes de información. Trátase de propor cal é o problema do desenvolvemento sustentábel. Propostas teóricas e prácticas, por exemplo análise ou presentación dunha axenda 21 local. Estratexias para unha axenda 21 escolar.

Páxina **OEI.es/década**, (década para unha educación sustentábel)

UNIDADE 7:

- Coñecer as funcións, a estrutura e a evolución do Sector público e a súa intervención na economía.

- Identificar os distintos xeitos de actuación.

- Teorías clásica e Keynesiana sobre a intervención.

- Analizar os Orzamentos. Os Gastos e os Ingresos públicos.

- Coñecer o concepto e instrumentos da Política económica.

- Analizar os instrumentos da política fiscal. Os impostos e o seu papel redistributivo.

- Coñecer os cambios na Política económica para a integración na UE. Políticas actuais, en España e na UE.

Instrumentos de Avaliación: Exame. Análise de noticias de Política actual.

Páxina **Ministerio de Hacienda, ige.eu**.

UNIDADE 8: O CONTEXTO INTERNACIONAL

- Coñecer os xeitos diferentes de relación económica entre Estados.
- Observar a evolución destas relacións na historia recente.
- Entender o concepto e estrutura da Balanza de pagamentos. Identificar as situacións de equilibrio ou desequilibrio na BP.
- Estudar o ensarillado actual da economía internacional.
- Estudar a formación do tipo de cambio. Os mecanismos de cambio e as medidas de protección do comercio exterior.
- Analizar o comercio internacional e o intercambio desigual N/S. Relacións comerciais e financeiras entre países centrais e periféricos.
- Analizar os organismos de protección monetaria, o seu papel e os cambios que experimentaron.
- Identificar os pros e contras do libre comercio. A OMC a súa repercusión en distintos países e en Galiza.
- Estudar a UE, a integración española nela e as súas consecuencias.
- Análise da Globalización. Movementos antiglobalización.

Instrumentos de Avaliación: Exame dos contidos teóricos.

Lectura dalgúns capítulos de “Hij@ que es la Globalización”, Diccionario “alternativo” da Globalización, ou “Café amargo”. Busca de movementos antiglobalización. Elaboración dun pequeno traballo sobre pros e contras da globalización actual.

ECONOMÍA DA EMPRESA 2º de Bacharelato

INTRODUCION.

A economía da empresa é unha aproximación á realidade empresarial tanto por comprender os mecanismos internos da mesma coma polas súas interrelacións coa sociedade.

A empresa é un axente económico e como tal repercute na vida de todas as persoas. A Economía da empresa introduce ó alumnado no ámbito no que se vai relacionar ao longo da súa vida por iso esta materia é un compendio de contidos relacionados coa xestión empresarial, base das decisións da empresa, contidos que facilitarán a incorporación do alumnado ó mundo empresarial tanto si se incorpora promovendo unha propia empresa como no traballo asalariado.

Dende o punto de vista da relación coa sociedade, a empresa interactúa con esta continuamente, depende dos cambios sociais, políticos, tecnolóxicos, pero así mesmo as innovacións e o desenvolvemento empresarial, xeran progresos sociais aínda que tamén poden xerar inconvenientes e incertezas, é necesario estudar as consecuencias valorando as súas repercusións. A sociedade esixe cada vez máis que as empresas teñan actuacións respectuosas co medio natural, cos dereitos dos traballadores e traballadoras, coas medidas de seguridade ou co abuso das técnicas de publicidade ou a deficiente información. E preciso que entre os obxectivos desta materia figure o desenvolvemento no alumnado dunha actitude crítica sobre os aspectos da realidade social e empresarial, tales como o consumismo, as desigualdades, as condicións de traballo, a degradación ambiental ou o esgotamento dos recursos debido ao crecemento económico na era da globalización.

Os contidos parten de coñecementos da economía pero necesitan tamén nocións de dereito, matemáticas, socioloxía, psicoloxía, tecnoloxía, teorías da información e da comunicación. Para a análise empresarial recorrerase a exemplos de empresas do contorno e a outras significativas empregando as novas tecnoloxías da información e as noticias dos medios de comunicación.

Os contidos desta materia estrutúranse en oito bloques, os mesmos que figuran no currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOGs do 23 e 27 de Xuño do 2008).

OBXECTIVOS XERAIS:

Na materia de Economía e Organización de empresas preténdense os obxectivos xerais seguintes:

- ☉ Coñece-la diferente natureza, funcións e finalidade de distintos tipos de empresas.
- ☉ Identificar a relación e a importancia das empresas na vida das persoas, tanto como provedoras de bens para cubrir as necesidades como no desenvolvemento social e na xeración de riqueza.
- ☉ Examinar a relación co medio natural coa economía real en xeral. A interdependencia empresa e sociedade e posibles disfuncións.
- ☉ Valorar as posibles consecuencias ambientais e sociais da actividade empresarial considerando que todas as actividades económicas están inmersas na biosfera, dela obtemos recursos e a ela devolvemos residuos, que poden repercutir na calidade de vida.
- ☉ Identificar as consecuencias que para as empresas e a sociedade ten a globalización da economía tendo en conta que estamos nun sistema cheo de desigualdades sociais.
- ☉ Coñecer os aspectos legais que inflúen nas empresas. Lexislación laboral, dereitos e deberes das traballadoras e dos traballadores valorando as medidas para acadar un mellor benestar e a conciliación da vida laboral e privada.
- ☉ Valorar a importancia da seguranza e hixiene no traballo e a prevención de riscos laborais tanto pola seguranza individual como polas medidas que poderían repercutir no entorno en caso de non ser tidas en conta.
- ☉ Coñecer a fiscalidade e a súa repercusión na empresa.
- ☉ A necesidade da organización, distintas estruturas, teorías e tendencias. A súa importancia para detectar e resolver conflitos.
- ☉ Analiza-lo funcionamento global da empresa, baseándose nas funcións específicas das súas áreas de actividade e a súas relacións e interdependencia.
- ☉ Describir o funcionamento dun ciclo completo dunha empresa tipo. A función de produción. Custos e beneficios. Produtividade, rendibilidade.
- ☉ Interpretar e avaliar a información das contas anuais. Elaborar balances simples.
- ☉ Coñecer a estrutura económico financeira da empresa. Investimentos. Identificar as distintas fontes de financiamento, necesidade das mesmas e decisións de investimento.
- ☉ Analizar as distintas políticas do marketing. Valorar os límites éticos das políticas comerciais.
- ☉ Utilizar as novas tecnoloxías da información e da comunicación así como outros

medios para obter, seleccionar e comprender información sobre feitos relevantes do ámbito empresarial internacional, nacional e local e facer unha valoración crítica delas.

☉ Analizar a actividade das empresas, en especial as galegas, valorar a súa importancia no tecido socioeconómico. Valorar a importancia das PEMES e das empresas da economía social (S. Laborais e cooperativas) como xeradoras de emprego, innovación e motores do desenvolvemento económico e social de Galicia.

- Desenvolver iniciativas, creatividade, autonomía persoal e participación en grupo para resumir e concretar o estudado co deseño, planificación e elaboración dun pequeno proxecto de empresa utilizando medios informáticos.

BLOQUES DE CONTIDOS:

Bloque I.- A EMPRESA E O SEU CONTORNO ECONOMICO- SOCIAL

Bloque II.- O DESENVOLVEMENTO DA EMPRESA

Bloque III.- A ORGANIZACIÓN e A DIRECCION DA EMPRESA

Bloque IV.- A FUNCION PRODUTIVA

Bloque VI .- A INFORMACION

Bloque V .- A FUNCION FINANCEIRA

Bloque VII .- A FUNCION COMERCIAL

Bloque VIII.- UN PROXECTO EMPRESARIAL

(Este Bloque será voluntario)

Bloque I.- A EMPRESA E O SEU CONTORNO ECONOMICO- SOCIAL

Bloques de Contidos:

Tema 1.- A Empresa, concepto, elementos e distintas concepcións sobre o empresario.

Tema 2.- Clases de empresas.

Tema 3.-A empresa e o seu contorno. Marco ou contorno xeral. O contorno específico. A estratexia competitiva. A responsabilidade social da empresa.

Tema 4.- O marco lexislativo e fiscal. Obrigas de carácter mercantil, laboral e fiscal. A fiscalidade da empresa.

CONTIDOS:

- Concepto funcións e obxectivos da empresa.
- Distintas visións sobre a empresa.
- Tipos de empresas segundo diversas clasificacións.
- Posta en marcha dunha empresa. Trámites de constitución formal.
- A forma Xurídica das empresas. Análise de distintas formas xurídicas
- Marco xeral e específico da empresa
- Responsabilidade social da empresa. Importancia social dos empresarios individuais e das PEMES.
- Teorías sobre o empresario.
- O regulamento xurídico
- A fiscalidade da empresa. Tipos de impostos elementos dos mesmos.

TEMPORALIZACIÓN:

4 semanas/16 sesións

Bloque II.- O DESENVOLVEMENTO DA EMPRESA

Bloques de contidos:

Tema 1.- Criterios de localización empresarial

Tema 2.- A dimensión empresarial. Pequenas e grandes empresas. Estratexias de

crecemento.

Tema 3.- A competencia global co emprego das novas tecnoloxías. As multinacionais. O mercado local, as pequenas empresas, as cooperativas. Análise da estrutura empresarial Galega.

CONTIDOS

-Criterios de localización empresarial. Diferenzas empresa produtiva ou comercial

- A dimensión empresarial. PEMES, grandes. Vantaxes e inconvenientes.

-Estratexias de crecemento empresarial. Estratexias segundo Kotler.

- As multinacionais. A globalización. A estrutura empresarial galega

TEMPORALIZACIÓN:

2 ½ semanas/ 10 sesións

Bloque III.- AREAS da ORGANIZACIÓN e os RECURSOS HUMANOS.

Bloques de contidos:

Tema1.- A organización. Funcións básicas da dirección (planificación dirección, control).

Tema 2.- As estruturas organizativas. Organización formal, organización formal. Os tipos de organigramas. As comunicacións na empresa.

Tema 3.- O pensamento administrativo. Teorías sobre a organización. A motivación. Escola clásica, escola das relacións humanas, novas teorías.

Tema 4.- Os recursos humanos. Regulamento xurídico laboral.

Tema 5.- A relación individual do traballo. O contrato de traballo. Tipos, modificación, suspensión e extinción. O salario.

Tema 6.- A representación dos traballadores. Sindicatos. Convenios colectivos. Conflitos laborais. A seguridade e hixiene no traballo.

CONTIDOS:

- A organización e a estrutura organizativa. Importancia da organización na empresa
- A xerarquía e a división do traballo
- Distintas estruturas organizativas.
- A organización formal. O organigrama.
- Os grupos e a organización informal
- Representación cun organigrama de distintas estruturas organizativas.
- O control dentro da xestión. Parámetros de control.
- As comunicacións e a información. Deseño e importancia para a xestión e o control.
- Distintas achegas teóricas sobre organización de outras épocas e da actualidade.
- * A organización científica do traballo
- * A escola das relacións humanas
- * O pensamento neoclásico
- * As teorías da motivación
- * As modernas teorías
 - O departamento de RRHH.
 - O regulamento laboral
 - O Contrato de traballo. Tipos. Modificación e extinción.
 - O salario. Salario bruto e neto. A xornada de traballo
- A representación dos traballadores
- Saúde laboral e hixiene

TEMPORALIZACIÓN:

4 semanas/16 sesións

Bloque IV.- A FUNCION PRODUCTIVA

Bloques de contidos:

Tema 1.- A Producción. A tecnoloxía, a matriz tecnolóxica e a eficiencia. A produtividade. A rendibilidade

Tema 2.- A produción e os custos. Análise custo beneficio. O punto morto

Tema 3.- A xestión das existencias

CONTIDOS:

- A produción e a creación de valor O proceso de produción.
- Tecnoloxía. Matriz tecnolóxica e Produtividade. Taxa de produtividade global. Índice de produtividade.
- A Producción e os custos. Análise custo-beneficio. O limiar de rendibilidade ou Punto Morto.
- A produción e o medio ambiente. As EIA
 - Programación. Avaliación e control de proxectos. Métodos PERT e Diagrama de Gantt.
 - Os inventarios. Modelos de funcionamento. O volume óptimo de pedido, Método de Wilson.
- Os sistemas de valoración de existencias: Prezo medio ponderado, FIFO, Método ABC.

TEMPORALIZACIÓN:

4 semanas/ 16 sesións

Bloque V .- A INFORMACION NA EMPRESA

Bloques de Contidos:

Tema 1.- A composición do patrimonio e a súa valoración. Equilibrio patrimonial.

Tema 2.- A Contabilidade. O PXC, os libros de contabilidade. As contas anuais. O balance social.

Tema 3.- Análise económica e financeira da empresa. Análise de balances ou financeira, Fondo Manobra, ratios, porcentaxes. Análise económica, a rendibilidade. O período medio de maduración.

CONTIDOS:

- O patrimonio e a súa organización. Elementos patrimoniais máis usuais normalizados. Masas patrimoniais.
- O Equilibrio patrimonial.
- O Novo Plan Xeral Contable. Os libros de contabilidade
- As contas anuais. O balance, A conta de resultados. Estados de cambios no patrimonio neto. Estados de fluxos de efectivo. A Memoria
- Equilibrios financeiros. O Fondo de Manobra.
- O balance social.
- Análise económico-financieiro
- Análise de Balances: ratios e porcentaxes.
- Análise económica: Rendibilidade e produtividade
- Período Medio de maduración económico e financieiro

TEMPORALIZACIÓN:

8 semanas/32 sesións

Bloque VI .- A FUNCION FINANCEIRA

Bloques de Contidos:

Tema 1.- A estrutura económico-financieira. As decisións de investimento. Métodos de selección.

Tema 2.- O financiamento da empresa. Fontes de financiamento. O efecto apancamento

CONTIDOS:

- As decisións de investimento
- Métodos de selección de investimentos: estáticos e dinámicos
- O VAN e o TIR
- As fontes de financiamento
- O financiamento interno e externo, propio e alleo
- O mercado de valores. As ampliacións de capital, os empréstitos

TEMPORALIZACIÓN

3 semanas/12 sesións

Bloque VII.- FUNCION COMERCIAL

Bloques de Contidos:

- 1.- A función e a información comercial.
- 2.- A función de marketing. O marketing mix

CONTIDOS:

- A función comercial
- O mercado. Tipos de mercado
- A mercadotecnia. Segmentación e análise do mercado
- O consumidor e o mercado. O marketing internacional
- O marketing mix: O produto, a distribución, a comunicación, o prezo

TEMPORALIZACIÓN:

2 semanas/ 8 sesións

CRITERIOS DE AVALIACION:

- 1.- Coñecer as características e o funcionamento de distintos tipos de empresas, identificando os distintos elementos, as súas funcións, obxectivos, organización, a investigación, o papel das innovacións tecnolóxicas e diferenzas segundo a empresa de que se trate.
- 2.- Analizar as relacións mutuas empresa sociedade e individuos. Apreciar o papel das empresas na satisfacción das necesidades humanas e no desenvolvemento da sociedade e facer xuízos críticos das súas disfuncións nesta sociedade produtivista e consumista.
- 3.- Identificar as principais normas xurídicas que as afectan. Coñecer as normas laborais os dereitos e obrigas dos traballadores e traballadoras e así mesmo as normas fiscais . Coñecer os distintos tributos que afectan a unha empresa por medio de análises prácticos da liquidación dalgún imposto. Describir as distintas formas xurídicas e identificar as súas características.
- 4.- Valorar e identificar os trazos do sector e do contorno específico que afecta as empresas e as distintas estratexias e decisións e observar as posibles consecuencias sociais e ambientais destas decisións.
- 5.- Analizar a situación das multinacionais e das PEMES no marco da globalización. Vantaxes e inconvenientes. Estudar exemplos da realidade empresarial galega. Importancia das cooperativas e das PEMES para a economía galega.
- 6.- Describir as técnicas para a xestión dos recursos humanos e valorar a relevancia que para unha mellor eficiencia organizativa terá o recoñecemento dos dereitos dos traballadores e traballadoras con especial atención aos derivados de conciliar a vida laboral e familiar. Valorar a importancia da seguridade e hixiene no traballo e a prevención de riscos laborais. Responsabilidades da empresa e persoais.
- 7.- Describir a organización dunha empresa e a súa importancia. Organización formal e informal. Analizar a empresa dende unha óptica de grupo en relación coa aparición e resolución de conflitos. Coñecer os sistemas de xestión de calidade.
- 8.- Coñecer o funcionamento da área produtiva. Cálculo da Produtividade e importancia das novas tecnoloxías e da I+D+i para aumentar a produtividade, para unha mellora da competitividade e da calidade dos seus produtos.
- 9.- Determinar para un exemplo sinxelo a estrutura de ingresos e custos. Calcular o limiar de rendibilidade e interpretar o seu significado.

10.- Coñecer a problemática da xestión de inventarios. Coñecer os principais sistemas de valoración de inventarios (FIFO, PMP) e a súa importancia.

11.- Coñecer e analizar as técnicas de investigación e segmentación dos distintos mercados e as diferentes políticas a aplicar. Estudar os compoñentes do marketing-mix. Analizar estas políticas de marketing e valorar os límites éticos que deberían considerar.

9.- Aprender a información das contas anuais da empresa e interpretala.

10.- Describir as posibles fontes de financiamento da empresa. Razoar a elección máis axeitada cun exemplo sinxelo.

11.- Valorar e calcular distintos proxectos de investimento. Recoñecer a importancia da planificación e logo do control de calquera proxecto que se leva a cabo.

12.- Buscar analizar e interpretar información sobre o ámbito empresarial, local galego ou internacional usando as novas tecnoloxías da información diferenciando noticias e datos oficiais en internet.

13.- Deseñar planificar e valorar un pequeno proxecto empresarial con actitude emprendedora e creatividade avaliando a súa viabilidade.

MINIMOS ESIXIBLES:

Bloque 1:

- Coñece-la diferente natureza, funcións e finalidade de distintos tipos de empresas.
- Identificar os elementos que integran a empresa.
- Distinguir os obxectivos a longo e a corto prazo.
- Clasificar as empresas segundo diferentes aspectos. Por exemplos concretos da realidade próxima dos diferentes tipos.
- Valorar o papel de distintos tipos de empresas
- Coñecer os trámites legais para constituír unha empresa.
- Estudar as características das empresas segundo a súa forma xurídica. Identificar distintas formas xurídicas de empresa en España. Coñecer as súas características

básicas.

- Identificar a relación das empresas na vida das persoas, co medio ambiente e na economía en xeral.
- Coñecer os aspectos do entorno que inflúen nas empresas. Poñer exemplos de influencia de aspectos xerais e de aspectos do contorno específico.
- Valorar a responsabilidade social da empresa
- Coñecer as principais achegas teóricas sobre o papel e a función do empresario.
- Coñecer as normas xurídicas que afectan ás empresas. Lei da propiedade industrial.
- Coñecer as obrigas fiscais da empresa. Orzamentos, impostos, elementos dun imposto.
- - Identificar os elementos nos impostos concretos que afectan á empresa. Estudio teórico da liquidación do imposto IRPF, IS e IVE.

Bloque II-

- Identificar os aspectos que inflúen na localización das empresas. Diferenzas entre unhas e outras. Industriais, comerciais, grandes, pequenas.
- A dimensión empresarial. Análise das vantaxes e inconvenientes das PEMES ou das grandes. Análise do tecido empresarial da zona e do de Galicia.
- Identificar distintas estratexias de crecemento. Exemplos concretos de crecemento horizontal. Crecemento vertical, os Clúster en Galicia. Outras estratexias.

Bloque III

- Concepto e necesidade e obxectivos da organización
- Avaliar e comprender os problemas da organización e da distribución do traballo nos obxectivos empresariais. A xerarquía, a división do traballo, liñas de autoridade e responsabilidade, canles de comunicación. Definir os postos de traballo e a súa relación dentro da estrutura xeral.
- Coñecer e deseñar distintos tipos de estruturas organizativas
- Importancia da organización formal e da informal
- Concepto e deseño de distintos tipos de organigramas.

- Coñecer a función do departamento dos recursos humanos RR.HH.
- Diseñar os sistemas de xestión que permitan a integración dos empregados nos obxectivos da empresa.
- Observar a importancia do control na xestión empresarial.
- Recoñecer a función de dirección e planificación da actividade empresarial.
- Coñecer as principais achegas teóricas sobre a organización científica do traballo: Clásicos, Frederic Taylor e Henry Fayol.
 - A escola das relacións humanas: Elton Mayo. - O pensamento neoclásico, século XX, Drucker. Achegas da psicoloxía e sobre a motivación dos traballadores. Maslow, Herzberg, McGregor. Modernas teorías sobre a motivación, círculos de calidade, xestión do coñecemento, flexibilidade, participación, o management, traballo por obxectivos.
 - Coñecer normas que regulan as relacións laborais na empresa. Constitución, o Estatuto dos traballadores.
- Características do contrato de traballo: concepto, salario e nómina, tipos de contrato, xornada, suspensión e extinción do contrato, o despido. Avaliar as características que definen os distintos tipos de contrato laborais.
- Definir as obrigacións da empresa coa Seguridade Social.
- Coñecer o concepto de salario e elaborar nóminas
 - Coñecer o marco das relacións laborais na empresa
 - Participación e representación dos traballadores na empresa: sindicatos, delegados, comités, convenios colectivos.

Bloque IV

- Definir as distintas áreas funcionais da empresa
- Entender o papel da tecnoloxía, a matriz tecnolóxica, na produción. Eficiencia técnica e económica.
- Concepto de produtividade. Produtividade dun factor. Cálculo.

- Cálculo da produtividade global. Índice de produtividade global (IPG) e taxa de produtividade.
- Importancia da innovación tecnolóxica na produtividade. Exemplos concretos.
- Identificar distintos procesos de produción. - Os custos de produción, clases. Relación produción e custos. Estrutura do custo de produción, direct-costing e full-cost.
- Análise custo-beneficio. Cálculo, interpretación e representación do Punto Morto. Decisión de producir ou mercar.
- Concepto e representación do método PERT e o Diagrama de Gantt
- Problemática da xestión de inventarios, custo, tamaño.
- Concepto e cálculo do volume óptimo de pedido. O método Wilson.
- Sistemas de valoración de existencias. Exercicios de valoración cos métodos PMP, FIFO. Método ABC.

Bloque V

- Comprender o concepto de patrimonio.
- Clasificar distintos elementos patrimoniais.
- Recoñecer cada unha das masas patrimoniais e establecer as relacións existentes entre elas.
- Organización e interpretación do patrimonio dunha empresa. Utilización da terminoloxía básica da contabilidade. Representación do patrimonio.
- Descrición de distintos elementos patrimoniais que se agrupan nas distintas masas patrimoniais.
- Elaboración dun Balance sinxelo coa terminoloxía do PXC
- Coñecer os distintos libros de contabilidade e a súa obrigatoriedade ou non.
- Coñecer o concepto e a función das contas anuais.
- Elaborar e Interpretar a conta de perdas e ganancias.
- Coñecer as funcións que debe cumprir a Memoria.

- Identificar as distintas análises que se poden facer sobre a estrutura económica e financeira da empresa.
- Coñecer a análise sobre a financiamento propio e alleo.
- Selección das masas patrimoniais máis significativas para a análise económica e financeira.
- Formular e interpretar os principais ratios financeiros e económicos.
- Explicar os distintos equilibrios financeiros. Cálculo e interpretación do Fondo de Manobra ou de Rotación.
- Cálculo e interpretación do Período Medio de Maduración económico e financeiro.
- Interpretación e valoración dos resultados dos ratios.
- Explicitación dos desequilibrios financeiros máis significativos.

Bloque VI

- Recoñecer e clasificar as distintas fontes de financiamento da empresa.
- As ampliacións de capital. Cálculo do valor dos dereitos de subscripción.
- Os empréstitos
- As decisións de investimento. Concepto e cálculo dos distintos métodos de selección : Fluxo neto de caixa, Pay-back, Valor Actual Neto (VAN), e Taxa Interna de Retorno (TIR). Rendibilidade con ou sen inflación.

Bloque VII:

- A función comercial. O mercado, tipos de mercado, variábeis que o determinan.
- Distintas formas de orientarse cara ao mercado. Evolución, situación actual.
- A mercadotecnia. O consumidor e o mercado, estratexias a segmentación. A investigación e a análise de mercados. Exemplos con produtos e empresas concretas.
- O Marketing-Mix: Estudio das catro variábeis que o compoñen. Conceptos de liña e gama de produtos, ciclo de vida dun produto, canle de distribución, intermediarios, a franquía, o comercio electrónico, Just-in-time, promoción e publicidade.

ACTIVIDADES DE RECUPERACION E REFORZOS

Haberá exames de recuperación de cada Avaliación, para que o alumnado o prepare facilitarase nova información de páxinas web e atenderanse as dúbidas que poidan ter na hora de titoría.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCION:

Para a cualificación final terase en conta:

- Que o alumnado desenvolva as actividades que se realicen na aula ao longo do curso e se presente a todos os exames.
- Dos exercicios propostos deben estar entregados cando menos o 70%.
- Obter cualificación de aprobado nos exames parciais. A primeira unidade didáctica será totalmente teórica xa que non se realiza o cálculo da liquidación dos impostos. Nos bloques 4, 5 e 6 desenvolveranse os exercicios prácticos das mesmas cun formato similar aos das probas de selectividade. A 3 terá de exercicios as representacións dos organigramas.
- En Xuño só haberá recuperacións parciais. Só cando representen menos de 1/3 da materia.

PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR OS CONTIDOS PROGRESIVOS

Avaliarase o nivel de autonomía que o alumnado vai desenvolvendo ao buscar e tratar información así como de chegar a propor temas de análise ou debate e levalos adiante.

METODOLOXIA

A metodoloxía empregada será unha metodoloxía na que o alumnado, sobre todo, aprenda a aprender, descubra a realidade empresarial e problemas da mesma no contexto sociocultural en que se atope, comezando pequenas investigacións do entorno local e galego para logo achegarse a unha realidade global.

Para conseguilo as estratexias serán:

- Obtención de información tanto de fontes externas (prensa, estudos, enquisas, bases de datos, visitas a empresas...) e de fontes internas (rexistros contables, informes internos, auditorías...) .

- ☉ Rexistro tratamento interpretación e representación e transmisión desta con distintos soportes sobre todo empregando as TICs.
- ☉ Análise, simulación e resolución de casos no mundo empresarial, xustificación das decisións, avaliación das mesmas sendo conscientes da dimensión ética que +++
- ☉ Planificación dun proxecto de iniciativa empresarial.
- ☉ Realización de traballos de investigación valorando a importancia da cooperación do traballo en grupo que cree sinerxias para o conxunto.

MATERIAIS EMPREGADOS

Empregarase o libro de texto “Economía da empresa” de Rafael Prieto-Puga Fariña publicado polo consorcio editorial galego.

Completarase en algún caso con algunha información que lle proporcione a profesora.

A información obterase en internet sobre todo na páxina do IGE.xunta.es, do INE, ipyme.org, Cámara de comercio de Vigo, ou outras Cámaras, e concello de Vigo. Así mesmo en cada tema buscaranse páxinas relacionadas co mesmo como poden ser as de distintos sindicatos ou de xornais especializados.

TEMAS TRANSVERSAIS

A responsabilidade da empresa en canto que produtora e a dos consumidores estarán presentes nesta programación. Por un lado a empresa debe ter actuacións de respecto ao medio natural, ós dereitos dos traballadores e traballadoras, ás medidas de seguranza.. Por outro lado os consumidores tamén debemos defender un consumo responsábel, descubrir as desigualdades etc.

Estes temas transversais serán incluídos no enfoque da materia en todos os bloques temáticos ao observar a dimensión ética das decisións empresariais nas repercusións sociais e ambientais. Tratarase o tema dos dereitos laborais, das desigualdades dentro da empresa e a nivel mundial; dos problemas ambientais das actividades económicas tanto polo seu uso dos recursos como polos residuos, ¿a natureza e un ben público ou pode privatizarse? ¿pode darse sen condicións un río a unha empresa, pódese verter residuos á ría?. Así mesmo se tratará o tema do consumo responsable, do abuso da publicidade. Destacárase o papel da economía social. Banca ética, cooperativas, comercio xusto etc.

ATENCION A DIVERSIDADE

Como as actividades son moi diversas, á atención á diversidade xa vai implícita nelas. Uns poden ser mellores no exame outros destacar na busca e tratamento da información ou desenvolverán mellor as actitudes sociais de presentación das súas ideas ou a iniciativa e creatividade